

## 1.- Información da entidade que presenta a proposta.

A Asociación Nuestra Señora de Chamorro é unha entidade privada, sen ánimo de lucro, fundada o 31 de Outubro de 1964 por pais e nais de persoas con discapacidade intelectual (PCDI), como resposta á carencia de Centros de Atención Específica para este colectivo na comarca de Ferrolterra. Foi declarada de Utilidade Pública o 20 de Marzo de 1970.

Está inscrita no RUEPSS (Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais) co número E-53. Igualmente dispoñemos de certificado de calidade conforme ás exixencias da norma ISO 9001:2008, emitido por Bureau Veritas o 09/05/2011 e con vixencia ata o 09/05/2014.

A entidade divídese en tres Centros (Centro de Día, Centro Ocupacional e Centro de Educación Especial); os tres teñen como finalidade atender a PCDI e as súas familias, contribuíndo á mellora do seu desenrolo social, persoal e laboral, proporcionando os apoios necesarios con profesionalidade e calidade na comarca de Ferrolterra.

**O Centro de Día** proporciona atención especializada (apoios) a persoas adultas con discapacidade intelectual, e con necesidades de apoios extensos e xeralizados. O principal obxectivo é acadar o máxima autonomía persoal e social, prestando os seguintes servizos: desenrolo de habilidades personais e sociais, atención básica socio-sanitaria, ocio-deporte, restauración e transporte.

**O Centro Ocupacional** proporciona os apoios necesarios a persoas adultas con discapacidade intelectual, e con necesidades de apoios intermitentes ou limitados. O principal obxectivo é mellorar a calidade de vida, prestando os seguintes servizos: desenrolo de habilidades personais, sociais e laborais, servizos socio-sanitarios, ocio-deporte, restauración e transporte.

**O Centro de Educación Especial** presta os apoios necesarios a PCDI e con n.e.e. (necesidades educativas especiais). Comparte os obxectivos do Centro de Día e o Ocupacional en función da valoración de cada usuario/a.

Os perfís dos usuarios/as son: síndrome de down, parálise cerebral, secuelas traumáticas, trastorno mental, discapacidade intelectual límite, moderada, severa...

Dende a súa fundación e ata a actualidade, convertémonos no principal referente de traballo coas PCDI, xa que tan só existe en tódala comarca unha entidade que presta os seus servizos ó mesmo colectivo, e que leva traballando 2 anos.

## **2.- Datos do Proxecto**

### **2.1.- Título**

"Aprendendo a Coñecer"

### **2.2.- Descrición breve/Fundamentación:**

Tendo en conta que en moitas ocasións o proceso de desenvolvemento e maduración das persoas con discapacidade vese afectado pola súa capacidade intelectual e pola falta de posibilidades, consideramos fundamental poder darlle continuidade ó Proxecto "Aprendendo a Coñecer" para dar resposta a esas necesidades e ofrecer á PCDI a posibilidade de desenvolver a súa propia autonomía, favorecer o desenvolvemento de competencias sociais e aumentar o coñecemento do seu entorno.

Na Coruña existen 34130 persoas con discapacidade intelectual, sendo a franxa da idade maioritaria a partir dos 30 anos (datos do SID).

A todo isto, hai que sumarlle a difícil situación socioeconómica que estamos a atravesar, facendo que a desigualdade de oportunidades entre as PCDI e o resto da poboación se acentúe aínda máis, no que ó acceso ó mercado laboral se refire.

A finalidade do presente Proxecto é favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal, a través da aprendizaxe de habilidades sociais, do uso dos recursos que lle ofrece a súa comunidade, e a adquisición de Habilidades da Vida Diaria. O que se pretende é que a poboación destinataria aprenda a desenvolverse soa no día a día, a tomar as súas propias decisións, e a asumir responsabilidades en función da idade e capacidades.

Igualmente traballarase o ampliar a integración e normalización dos nosos destinatarios/as na sociedade, obxectivo que se irá conseguindo transversalmente.

Por todo o mencionado ata o momento, detectamos a necesidade urxente de seguir dando resposta ás demandas deste colectivo, e avanzar na loita pola promoción da súa autonomía persoal e social, e a igualdade de oportunidades.

### **2.3.- Localización xeográfica/Contextualización**

O Proxecto estase a desenvolver na sede da Asociación, sita no Val. Sen embargo, cómpre ter en conta que os usuarios/as que asisten á entidade proceden de diferentes concellos, sendo a porcentaxe maioritaria do concello de Ferrol.

### **2.4.- A quen vai destinado/Beneficiarios**

O perfil da poboación destinataria do Proxecto "Aprendendo a Coñecer" son mulleres e homes con discapacidade intelectual con idades comprendidas entre os 18 e 59 anos.

En moitas ocasións o seu perfil caracterízase por situacións sociofamiliares, persoais e económicas que impiden ou dificultan unha adecuada progresión cara a súa autonomía persoal e social. A isto debemos sumarlle: dificultades emocionais, aceptación de normas, déficit de habilidades sociais...

## **2.5.- Obxectivos xerais e específicos**

**Obxectivo xeral:** Favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal e social, proporcionando os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para a adquisición de habilidades sociais, coñecemento do entorno e habilidades para a vida diaria.

### **Obxectivos específicos:**

- Desenvolver habilidades da vida diaria que lle permitan ser máis autónomos/as.
- Desenvolver as habilidades e destrezas necesarias para crecer como persoa e relacionarse asertivamente cos demais.
- Mellorar o coñecemento da cidade e os seus recursos, así como o transporte e as novas tecnoloxías.
- Atender as demandas das familias/titores legais de PCDI, informándoas, orientándoas e ofrecéndolles apoio psicosocial.

## **2.6.- Actividades planificadas con indicación da temporalización, recursos e metodoloxía**

**Metodoloxía:** Activa, participativa e inclusiva; o usuario/a é o principal protagonista. Metodoloxía modular en función das actividades. Técnicas: método de instrucción verbal, modelado, ensaio e práctica (role-playing), fichas sobre habilidades sociais, manexo do euro, reloxo, móvil...

**Recursos humanos contratados:** Técnico responsable do Proxecto:

**Perfil:** dispoñer da formación académica necesaria (licenciado ou diplomado no ámbito social), valorándose positivamente o seu compromiso ético, sensibilidade cara aos valores, visión e misión da Asociación e responsabilidade profesional.

**Tarefas:** Intervención e atención das habilidades da vida diaria e habilidades instrumentais, co fin de mellorar a autonomía e as relacións sociais. Deseño de apoios individuais na consecución dos obxectivos marcados. Función diagnóstica de necesidades. As propias do Proxecto a desenvolver.

**Recursos humanos cos que conta a Asociación para este Proxecto:** psicóloga, traballador social, coordinadora de Centros e responsable de calidade, directora-xerente, responsable de enfermería, 2 monitores.

### **Voluntarios/as:**

Acción voluntaria de 6 persoas en base ó Plan de Voluntariado da Entidade:

**Perfil:** Valorarase positivamente a posesión de títulos relacionados coa área: educación social, traballo social, pedagogía, psicoloxía, terapia ocupacional...

**Tarefas:**

- Favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal e social: desenvolver habilidades domésticas; habilidades para un aseo persoal correcto; elaboración de menús, facer a compra e coñecer os hábitos alimenticios; aprender a manexar o diñeiro e xestionar o fogar.
- Desenvolver habilidades e destrezas sociais: habilidades sociais básicas, para a resolución de conflitos e toma de decisións; saber identificar gustos e preferencias, e expresar desexos.
- Favorecer o coñecemento do entorno e a adquisición de habilidades sociais: desenvolver a educación afectiva; favorecer a comunicación verbal e non verbal; coñecer as normas e leis sociais; coñecer as rúas, praias, lugares de ocio...Coñecer as normas e sinais de tráfico como peóns; ter capacidade de pedir axuda en distintas situacións; uso do transporte público.

**Recursos materiais:**

- Material funxible, ordenadores, impresora, cámara de fotos, teléfono, TV, DVD, Internet, material de educación vial, planos da cidade (Ferrol e Narón), planos de liñas de transporte urbano, material para actividades da vida diaria (cama, cociña, armario, secador, produtos de hixiene, toallas, sabanas, edredón, almofada, roupa, utensilios de cociña, produtos de limpeza).

**Recursos económicos:**

CUANTIFICACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE
Honorarios profesionais (salario, seguridade social...)	22.448,70 €
Recursos materiais	582,00 €
Orzamento Total	22.976,70 €

FINANCIACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE
Apartación Obra Social "La Caixa"	13.500,00 €
Solicitude ao Concello de Ferrol	5000 €
Aportación do Asociación	4476,70 €
<b>Suma total do proxecto</b>	<b>22.976,70 €</b>

**Actividades:**

<b>OBXECTIVO ESPEFÍCO 1:</b> Desenvolver habilidades da vida diaria que lles permitan ser máis autónomos/as.	
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>Temporalización</b>
Identificación e manexo das moedas e billetes.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Limpeza e mantemento do fogar.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Facer a cama e ordenar o armario.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Elaboración de diferentes menús.	01/10/2012 ó 31/12/2013
<b>OBXECTIVO ESPEFÍCO 2:</b> Desenvolver as habilidades e destrezas necesarias para crecer como persoa e relacionarse asertivamente cos demais.	
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>Período de realización</b>
Entrenamento en habilidades onde se ensinan condutas específicas e se practican.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Reestruturación cognitiva.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Entrenamento en resolución de problemas.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Traballo do modelado, ensaio conductual, retroalimentación e moldeado, reforzo positivo.	01/10/2012 ó 31/12/2013
<b>OBXECTIVO ESPEFÍCO 3:</b> Mellorar o coñecemento da cidade e os seus recursos, así como o transporte e as TIC.	
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>Período de realización</b>
Coñecemento da cidade e funcionamento dos medios de transporte.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Normas de circulación.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Uso de internet.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Planificar o ocio: saídas museos, teatro, praias, restaurantes, centro comercial...	01/10/2012 ó 31/12/2013
<b>OBXECTIVO ESPEFÍCO 4:</b> Atender as demandas das familias/titores legais de persoas con discapacidade intelectual, informándoas, orientándoas e ofrecéndolles apoio psicosocial.	
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>Período de realización</b>

Grupos de apoio de país e titores legais.	01/10/2012 ó 31/12/2013
Equipos de dinamización	01/10/2012 ó 31/12/2013

## 2.7.- Sistema de seguemento e avaliación

A avaliación comprende tres momentos diferentes, pero todos eles interrelacionados:

- **Avaliación inicial**: en un primeiro momento levarase a cabo unha avaliación inicial na que obteremos información a través da entrevista mantida pola técnica responsable co usuario/a, da valoración da psicóloga (no caso de ser necesario), así como as valoracións realizadas polo Equipo Interdisciplinar en base aos coñecementos que se teñen dos usuarios/as e aos datos recollidos no PIA de cada un deles/as. É necesario ter en conta que o PIA está realizado polo Equipo, o monitor/a e o propio usuario/a, polo que dispoñemos de información obxectiva.

O principal obxectivo desta avaliación é adaptar a intervención ás necesidades dos usuarios/as, realizando as melloras necesarias con carácter continuo e formativo. Tratarase polo tanto, dunha avaliación reflexiva e sistemática que permita tomar decisións para a mellora do proceso.

- **Avaliación procesual**: este tipo de avaliación levarémola a cabo co fin de poder detectar necesidades ou calquera cambio que se considere necesario.

Unha das principais técnicas empregadas na avaliación continua será a observación participante, a través da cal obteremos información acerca das dificultades que xorden e a que se deben.

Como o seu propio nome indica desenvolverase ao longo do proceso, tendo sempre en conta as necesidades e os apoios que precisan os usuarios/as.

- **Avaliación final**: levarase a cabo coa finalidade de comprobar se acadáronse os obxectivos previamente fixados, e en qué medida.

Para iso dispoñemos de diversas fontes de información que ao longo de todo o proceso nos foron proporcionando datos obxectivos. Ademais dos devanditos datos obteremos tamén información a través de diferentes probas obxectivas, que poderán ser modificadas en función das características do usuario/a. Estas serán revisadas e aprobadas polo Equipo antes de cada avaliación. Realizaranse dúas veces ó ano, en xaneiro e xullo (aproximadamente).

Por outro lado, para comprobar o grao de satisfacción dos usuarios/as pasarase un Cuestionario de Satisfacción.